

Proxecto Educativo(PE)

Documento II

Organización xeral de funcionamento

Organigrama

Horarios

Servizos complementarios

Documentos asociados:

Normas de Organización e Funcionamento (NOF)

Plan de Convivencia

Plan de Autoprotección

Organigrama

Órganos de goberno			Órganos de coordinación pedagóxica
Unipersoais		Colexiados	
<ul style="list-style-type: none"> - Dirección - Vicedirección - Xefatura de Estudos Secundaria - Xefatura de Estudos de Adultos - Secretaría 		Claustro	Consello Escolar
		<ul style="list-style-type: none"> - PES - PT - Orientación - Profesor/a de relixión 	<ul style="list-style-type: none"> - Director/a - Xefe/a de Estudos Secundaria - Xefe/a de Estudos de Adultos - Secretario/a - 1 Representante do Concello - 7 representantes docentes - 3 representantes pais e nais - 3 representantes do alumnado - 1 representante do persoal non docente
		Comisión económica Comisión convivencia Comisión biblioteca Comisión igualdade Comisión seguridade	
Servizos complementarios		Familias	Alumnado
Transporte	Cafetaría	ANPA O Castro	<ul style="list-style-type: none"> - Delegados/as de curso - Xunta de delegados/as
<ul style="list-style-type: none"> - 1 compañía - 2 rutas 	<ul style="list-style-type: none"> - Concesión anual 		

A composición, funcionamento e funcións de cada órgano serán as que lle correspondan normativamente segundo a lexislación vixente.

Horarios

Para atender a oferta educativa, o centro está aberto de 8:30 a 14:30 horas e de 16:00 a 20:00 horas, agás os venres pola tarde. Nestas franxas axústanse o horario lectivo de xornada única desde os meses de setembro a xuño segundo a oferta educativa do centro da seguinte maneira:

ESO – Bacharelato – FP Básica

- Mañás de luns a venres: 8:45 a 14:25 horas
- Tardes dos martes: de 16:20 a 18:00 horas

32 sesións semanais de 50 minutos. Dous recreos de 20 minutos diarios: 10:25-10:45 e 12:25 – 12:45 horas.

Educación Secundaria de Adultos

- Tardes de luns a xoves: 16:00 a 20:00 horas.

20 sesións semanais. Un recreo diario de 15 minutos: 18:00-18:15 horas.

Ademais, aproveitando a dispoñibilidade horaria do centro, pola tarde organízanse no centro outros programas como CUALE ou PROA, e tamén actividades como as reunións dos diferentes club de lectura.

Servizos complementarios

Transporte

O transporte escolar do centro depende do convenio asinado entre a Consellería de Educación e a empresa de transporte que en todos os últimos curso é a empresa ARRIVA GALICIA SL. Contamos deste xeito con dúas liñas subvencionadas.

Contrato: 99CO072

Duración: 23 minutos

Paradas e distancias:

Ord	Parada	Km
0	IES de Mugar dos	0,0
1	SIMOU	1,8
2	OS CASÁS	1,7
3	RILO	1,1
4	PEDRÓS	0,5
5	PISCINA O CASTRO	0,8
6	FRANZA	0,7
7	O CASAL	0,5
8	A GALLADA	0,5
9	GASOLINEIRA	0,4
10	SAN XOAN DE PIÑEIRO	0,8
11	BARRACIDO	0,8
* Totais:		9.6

Contrato: 99CO080

Duración: 18 minutos

Paradas e distancias:

Ord	Parada	Km
0	IES de Mugar dos	0,0
1	Avda.GALICIA-FORD *	1,3
2	CRUZ DE MEÁ	0,4
3	PEDREIRA	0,9
4	PENEDO	0,8
5	CANOTA	0,4
6	MONTE	1,2
7	SEIXO-ESCOLAS	1,0
8	SEIXO-BOADO	0,5
* Totais:		6.5

Ademais, un terceiro autobús da mesma empresa realiza un percorrido de transporte desde o concello de Ares. Neste momento funciona como un servizo asociado á instituto do transporte metropolitano da comarca de Ferrol, e como tal non dependente da Consellería de Educación.

Cafetaría Escolar

Segundo a normativa vixente, todos os anos convocarase un procedemento para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetaría escolar. Segundo o prego de condicións todas as persoas solicitantes deberán presentar para a súa baremación a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI. no caso de empresarios individuais ou CIF compulsado para persoas xurídicas.
- Declaración responsable.
- Proposición de oferta económica..
- Proposta de metodoloxía ou plan de traballo.
- Relación do persoal, currículum vitae das persoas propostas.
- Melloras propostas para o servizo.
- Lista de prezos de artigos.
- Elaboración preferente de produtos na propia cafetaría con utilización de materias primas naturais en vez de adquisición de produtos industriais e chuches.

Cada licitador indicará os prezos da súa oferta, pero non poderá superar os prezos máximos indicados nas instrucións oficiais

A persoa concesionaria elixida deberá ademais presentar para a regularización do contrato:

- Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social.
- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Orixinal ou copia compulsada da alta no IAE.
- Xustificación de ter constituída unha póliza de seguro de responsabilidade civil para cobertura de danos a terceiros por un capital non inferior a 20.000 euros.

O período de explotación abranguerá do 1 de setembro ao 31 de agosto do ano seguinte.

ANEXOS

- Anexo II: Normas de Organización e Funcionamento (NOF)
- Anexo III: Plan de Convivencia
- Anexo IV: Plan de Autoprotección

LIGAZÓNS

- [Condicións para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería en centros docentes non universitarios dependentes da Consellería de Educación.](#)